

## Concello da Capela

**Expediente núm.:** 285/2024

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Contratacións

**Data de iniciación:** 02/08/2024

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
89/2024	Solicitud de subvencións a outras Administracións	Concesión de subvención por parte da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia	19/04/2024

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data	Número
Proxecto do investimento	Marzo 2024	
Resolución de concesión da subvención	19/07/2024	
Providencia da Alcaldía solicitando informe técnico da división en lotes	02/08/2024	
Informe do técnico municipal da división en lotes	06/08/2024	2024-0053
Memoria xustificativa	06/08/2024	
Providencia da Alcaldía solicitando informe de Secretaría	06/08/2024	
Informe de Secretaría da lexislación e procedemento aplicables	06/08/2024	2024-0127
Resolución da Alcaldía de inicio do expediente	06/08/2024	2024-0308
Prego de cláusulas administrativas particulares	07/08/2024	
Documento de retención de crédito	07/08/2024	1238
Certificado de existencia de crédito	07/08/2024	
Informe de fiscalización fase "A"	07/08/2024	2024-0129

Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:



## Concello da Capela

Tipo de contrato	Obras
Subtipo do contrato	Construción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil
Obxecto do contrato	Mellora da cuberta e fachadas en instalación deportivas municipais (ximnasio e vestiarios da piscina)
Procedemento de contratación	Aberto simplificado sumario
Tipo de Tramitación	Ordinaria
Valor estimado do contrato	49.586,78 €
Orzamento base de licitación IVE excluído	49.586,78 €
IVE 21%	10.413,22 €
Orzamento base de licitación IVE incluído	60.000,00 €
Data de fin do contrato	05/11/2024
<b>Código</b>	<b>Nome</b>
45260000	Traballos de tellado e outros traballos de construción especializados
45261300	Colocación de pingadeiras e canalóns
45261410	Traballos de illamento para tellados
45261910	Reparación de tellados.
45442180	Traballos de renovación de pintura.

### Lotes:

O presente contrato **non se divide en lotes** de acordo coa Resolución da Alcaldía n.º 2024-0305, do 6 de agosto e o informe técnico n.º 2024-0053, do 6 de agosto, emitido polo arquitecto municipal.

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento Aberto simplificado sumario.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento Aberto



## Concello da Capela

simplificado sumario para a obra **Mellora da cuberta e fachadas en instalación deportivas municipais (ximnasio e vestiarios da piscina)**, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Funcional	Económica	Importe
2024	342	63200	60.000,00 €

**CUARTO.** Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**QUINTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEXTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**SÉTIMO.** Designar á Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela como órgano de asistencia para o presente contrato.

Na Capela, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Meizoso López, do que eu D. Jesús Franco Rodríguez, como secretario accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018, do 16 de marzo e do artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

